



XXIV MOSTRA DE TEATRO DO ENSINO SECUNDARIO DO MORRAZO

IES PLURILINGÜE A PARALAIA, 27-30 de abril de 2020

BASES DO VI CONCURSO DE TEATRO BREVE **TESTEATRO**

- 1ª A Mostra de Teatro do Ensino Secundario do Morrazo convoca o VI Premio de Teatro Breve **Testeatro**, correspondente á XXIV edición de 2020.
- 2ª O premio está aberto a todo o alumnado de secundaria e bacharelato entre 12 e 18 anos que concursará en dúas categorías: alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO e por outra parte, alumnado de 4º da ESO, 1º e 2º de bacharelato e ciclos.
- 3ª As obras estarán escritas en galego e terán unha extensión mínima de 2 e máxima de 5 páxinas. Presentaranse por triplicado en formato DIN A4, letra Times New Roman tamaño 12, entrelíñado de 1,5 e con marxes de 3 cm (superior e inferior, dereita e esquerda).
- 4ª O tema do texto presentado é **libre**.
- 5ª Os tres mellores traballos de cada categoría serán premiados cun agasallo conmemorativo e a súa publicación conxunta nun caderno editado pola organización da Mostra en colaboración da *erregueté-Revista Galega de Teatro*.
- 6ª Os textos faranse chegar, ben individualmente, ben a través do centro ao que o alumno/a pertenza, a través de correo postal ou electrónico, ao centro organizador da mostra

IES Plurilingüe A Paralaia

☎ 886 120 354

📍 O Redondo s/n. 36950 Moaña, Pontevedra.

✉ teatroparalaia@gmail.com

- 7ª O prazo para presentar os textos no IES A PARALAIA remata ás **24 h do día 27 de marzo de 2020**.
- 8ª Cada texto presentarase baixo plica e levará no seu inicio o título, que aparecerá tamén no exterior dun sobre pechado dentro do cal figurarán os seguintes datos do concursante:

NOME E APELIDOS

IDADE

ENDEREZO

CURSO

CENTRO

CONTACTO

- 9ª O xurado estará formado por un secretario con voz e sen voto designado pola organización e tres persoas relacionadas co mundo teatral. A composición do xurado farase pública no momento de se producir o seu ditame. O xurado actuará en pleno, en sesión única e o seu ditame será inapelable.
- 10ª O xurado terá de prazo até o 3 de abril para comunicar a súa decisión, que se dará a coñecer á prensa e aos premiados a través do centro educativo.
- 11ª As obras gañadoras poderán ser representadas polos grupos de teatro participantes na Mostra na edición seguinte á do premio.
- 12ª Os orixinais non premiados poderán ser retirados na conserxería do IES A PARALAIA despois da decisión do xurado até o 19 de xuño de 2020. Os non retirados despois dese prazo serán destruídos.
- 13ª A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.